



**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO**

Vigo, 28 de xaneiro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte DNA. MARIA DEL CARMEN SILVA REGO, Presidenta da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando na súa representación de conformidade coas competencias establecidas no Artigo 34.1.b da Lei 7/85 de 2 de Abril Reguladora de Bases de Réxime Local,

Doutra parte D. ABEL CABALLERO ÁLVAREZ, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Vigo, actuando no seu nome e coas atribucións que lle confire a normativa local vixente,

Tódalas partes intervintes recoñécense plena capacidade para levar adiante o presente protocolo de intencións, e

EXPOÑEN

Que a Escola de Canteiros de Pontevedra, coma Servizo da Excm. Deputación Provincial presta colaboración a diferentes Concellos e Entidades da nosa provincia no embelecemento de espazos públicos, a través de pezas escultóricas .

Que o Concello de Vigo quere fomentar o enriquecemento artístico nos espazos do seu término municipal, á vez que promover ó acercamento do público á lectura, polo que está interesado na instalación nas proximidades da Biblioteca Municipal " Xosé Neira Vilas", dunha escultura representativa dunha personaxe da súa produción literaria, e en tal sentido



ACORDAN

PRIMEIRO.- O presente protocolo ten por obxecto establecer un marco de colaboración para a instalación no entorno da Biblioteca Pública Municipal "Xosé Neira Vilas" de Vigo , sita na Avenida Martínez Garrido da cidade olívica, dunha escultura realizada en granito pola Escola de Canteiros de Pontevedra, representativa de "Balbino" personaxe da novela "Memoria dun neno labrego" do referido escritor galego.

SEGUNDO.- Para este cometido, a Deputación Provincial de Pontevedra e mailo Concello de Vigo emprázanse á xestión dun convenio de colaboración para formalizar esta declaración de intencións e que se basearía nas seguintes liñas básicas de actuación:

- O Servizo da Escola de Canteiros promovería ao seu cargo a realización da mencionada escultura
- O Concello de Vigo asumiría os custes dos portes da escultura ata o lugar sinalado para a súa ubicación, a necesaria obra de cimentación para a instalación da escultura e os custes da grúa precisa para executar a instalación.
- O Concello de Vigo asumiría o mantemento e conservación da obra, ademais da iluminación da escultura.



TERCEIRO.- Este protocolo non comporta ningunha relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asíñase o presente Protocolo no lugar e data anteriormente citados.

**A Ilma. Sra. Presidenta da
Deputación de Pontevedra**

M^a del Carmen Silva Rego

**O Excmo. Sr. Alcalde do
Concello de Vigo**

Abel Caballero Álvarez